

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións dirixidas a familias para a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia para o ano 2013 (código do procedemento PR527B).

No uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2013, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións dirixidas a familias para a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, de acordo coas súas bases reguladoras aprobadas mediante a Resolución do 21 de xaneiro de 2013, da Secretaría Xeral de Medios (DOG nº 19, do 28 de xaneiro).

Artigo 2. *Destinatarios das subvencións*

Os destinatarios das subvencións serán as familias titulares de vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, de acordo co recollido no artigo 4 do anexo II das bases reguladoras das ditas axudas, aprobadas mediante Resolución do 21 de xaneiro de 2013.

Así mesmo, e segundo o sinalado no punto 2 da disposición adicional sétima da Lei 7/2009, do 3 de xullo, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións, o servizo de televisión dixital terrestre está limitado aos cidadáns que residan en zona de sombra nas cales, unha vez concluída a transición á televisión dixital terrestre, non vaia existir cobertura do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.



A comprobación da zona de sombra efectuarase polos mecanismos comúns á prestación deste servizo TDT-Sat e que están supervisados polos órganos competentes da Administración do Estado.

Artigo 3. *Financiamento*

A dotación máxima para financiar esta convocatoria no ano 2013 é de cincocentos un mil cento dez euros (501.110,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461B.780.0.

Este crédito está cofinanciado nun 50 % con fondos procedentes do convenio de colaboración suscrito con data do 7 de maio de 2012, entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das actuacións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Artigo 4. *Forma de presentación e contido das solicitudes*

a) Para ser beneficiario o interesado deberá presentar a súa solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras que sexan seleccionadas para este réxime de axudas; a relación de entidades colaboradoras pode atoparse no enderezo da internet <http://medios.xunta.es> na súa epígrafe axudas; tamén pode consultarse telefonicamente no número 981 54 42 34, a través do enderezo electrónico xestión.sxm@xunta.es ou presencialmente nas dependencias da Secretaría Xeral de Medios-Edificio Administrativo San Caetano-Santiago de Compostela. As entidades colaboradoras presentarán, exclusivamente por vía telemática, o formulario de solicitude que figura como anexo IV da presente convocatoria.

Así mesmo, o solicitante deberá achegar á entidade colaboradora a documentación acreditativa da titularidade da vivenda e entregarlle debidamente asinado o anexo V, que recolle as declaracións responsables, autorizacións e consentimentos para a comprobación dos datos por parte da Secretaría Xeral de Medios.

O dito anexo V implica a autorización para comprobar a veracidade do documento nacional de identidade do interesado, salvo denegación expresa deste, nos termos previstos na Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia. Implica tamén, de ser o caso, a autorización para comprobar a veracidade dos datos do catastro ou do censo.



b) En referencia á acreditación por parte dos beneficiarios de atoparse ao día das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración Autónoma, así como coa Seguridade Social, observárase o disposto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao artigo 11.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei, que versan sobre a exención do dito trámite no caso de axudas con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo VII, «Transferencias de capital», destinadas a familias e institucións sen fins de lucro, cando non superen os 3.000 euros individualmente.

De acordo co exposto, no anexo V recóllese a declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

c) O representante legal da entidade presentará, para cada solicitude de axuda, a seguinte documentación:

- Anexo IV.
- Copias dixitalizadas do anexo V asinado polo beneficiario.
- Copias dixitalizadas da documentación que acredite a titularidade da vivenda.
- Copia dixitalizada do DNI do solicitante da axuda, só no caso de que o mesmo denegue a autorización á Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación dos datos.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Á dita sede tamén se pode acceder seleccionando o procedemento PR527B sito no enderezo da internet <http://medios.xunta.es>. Coa presentación da solicitude a través da sede electrónica obtérase un xustificante de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral de Medios poderá requirir en calquera momento ás entidades colaboradoras a remisión dos formularios orixinais asinados e demais documentación presentada polos solicitantes para efectos de realizar as comprobacións que procedan.



d) Ademais, a presentación do anexo IV leva implícitas as declaracións responsables seguintes por parte da entidade colaboradora:

– Que o solicitante non dispón de cobertura do servizo público de televisión dixital terrestre mediante redes de difusión terrestres.

– Que na data da presentación da solicitude de axuda non se iniciou a execución da actuación subvencionable.

– O compromiso de custodia da documentación presentada polos solicitantes.

Artigo 5. *Prazo de presentación das solicitudes*

O prazo para que os beneficiarios presenten as solicitudes de axuda comezará o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente convocatoria e permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

No caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar por medios electrónicos a indicada circunstancia, o que levará consigo a inadmisión das solicitudes posteriores ao esgotamento do crédito.

Artigo 6. *Instrución do procedemento*

A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais.

Revisarase a documentación presentada coa solicitude de axuda e comprobarase a súa adecuación ás bases reguladoras e á normativa de aplicación, así como as dispoñibilidades orzamentarias para atender as solicitudes.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán efectuarse ás entidades colaboradoras os oportunos requirimentos de emenda de documentación, para o que se outorgará un prazo de 10 días hábiles, coa indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desisten da solicitude, tras a correspondente resolución, que se lle notificará ao solicitante da axuda.

Artigo 7. *Xustificación e tramitación do pagamento das axudas a través das entidades colaboradoras*

A entidade colaboradora disporá do prazo de 2 meses contados desde a aprobación da solicitude de axuda para presentar a factura e demais documentación xustificativa correspondente



á solicitude aprobada. En todo caso, o prazo límite de xustificación rematará o 31 de outubro de 2013, aínda que non transcorresen os dous meses desde a aprobación da solicitude.

Para o pagamento das axudas aprobadas por parte da Secretaría Xeral de Medios as entidades colaboradoras, de acordo co recollido na alínea j) do artigo 5 do anexo I e no artigo 12.c) do anexo II e das bases reguladoras, deberán presentar a seguinte documentación:

1º. Certificación da entidade colaboradora da relación de equipos de TDT-Sat instalados, indicando, para cada beneficiario:

- Código do expediente.
- Número, importe e data da factura.
- Código da solicitude de activación do receptor na plataforma TDT-Sat.

2º. Certificado asinado polo instalador de ter realizado a instalación e comprobado o correcto funcionamento por cada beneficiario.

3º. Copia da factura emitida a cada beneficiario e xustificante acreditativo do pagamento.

4º. Solicitude da entidade colaboradora do pagamento da subvención.

5º. Escrito de conformidade do beneficiario da subvención da correcta instalación do equipamento por parte da entidade colaboradora.

Artigo 8. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses.

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2013

María del Mar Sánchez Sierra
Secretaria xeral de Medios



PROCEDEMENTO SUBVENCIONES PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE MEDIANTE RECEPCIÓN SATELITAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR527B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (REPRESENTANTE OU INTERLOCUTOR UNICO)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS DO BENEFICIARIO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO DE INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
PARROQUIA	NÚCLEO DE POBOACIÓN		REFERENCIA CATASTRAL				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN E IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA		
CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE SEN IVE	IVE
Subministración de equipamentos		
CONCEPTO NON SUBVENCIONABLE	IMPORTE SEN IVE	IVE
Instalación de equipamentos e medidas		
Outros		
	TOTAL	
AXUDA SOLICITADA	IMPORTE QUE PAGARÁ O BENEFICIARIO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTÉ.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia dixitalizada do DNI en caso de non autorizar a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia dixitalizada que acredite a titularidade da vivenda en caso de non autorizar a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Formulario de declaracións e autorizacións do solicitante (a facilitar pola empresa colaboradora).	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral de Medios, de conformidade co artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a devandita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

ANEXO IV
(continuación)

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA ENTIDADE COLABORADORA

- A vivenda/edificación para a que se solicita a axuda non dispón de cobertura de televisión dixital terrestre mediante outra tecnoloxía.
- Na data da presentación da solicitude non se ten iniciado a execución da actuación subvencionable.
- Compromiso de custodia da documentación.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 21 de xaneiro de 2013 pola que se aproban as bases e se convoca a selección de entidades colaboradoras na xestión das subvencións, para a adquisición e instalación de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas a revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, e pola que se aproban as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, das devanditas subvencións.
- Resolución do 10 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións dirixidas a familias para a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia para o ano 2013 (código de procedemento PR527B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE COLABORADORA

Lugar e data

 , de de 

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Galicia
invierte no RURAL

Secretaría Xeral de Medios



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

FORMULARIO DE AUTORIZACIÓNS E DECLARACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DECLARACIÓN RESPONSABLES

Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Non ter solicitada nin concedida ningunha axuda das distintas Administracións públicas ou organismos do sector público para o mesmo propósito.

Que o equipamento non vai ser cambiado da dirección de instalación.

Estar disposto a someterse ás actuacións de inspección e control da Xunta de Galicia, así como dos órganos de control autonómicos, estatais ou comunitarios.

Estar disposto a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións (artigo 14.k) da Lei de subvencións de Galicia).

Estar disposto a incluír as ditas axudas na correspondente declaración do IRPF.

AUTORIZACIÓNS E CONSENTIMENTOS

Autoriza a entidade colaboradora para actuar como representante para os efectos da presentación telemática da solicitude de axuda.

Cede os dereitos de cobramento que lle poidan corresponder como beneficiario da axuda a favor da citada entidade colaboradora.

Consente expresamente a publicidade no DOG e na páxina web da Secretaría Xeral de Medios dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como a inclusión nos rexistros de axudas, subvencións e sancións da Xunta de Galicia, e autoriza a Secretaría Xeral de Medios para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública.

Queda informado/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento (artigo 15 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal).

Autoriza a Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación, segundo o caso, do certificado catastral ou de empadramento no domicilio para o cal se solicita a axuda.

Autorizo a Secretaría Xeral de Medios, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

CVE-DOG: kvbxn3h5-pof1-2xp6-ery9-qjimldul71x0

